

Plaza número: 22/6006

Número de plazas: 1

Categoría: Contratado/a Interino/a de Sustitución

Dedicación: Parcial P06

Área de conocimiento: Enfermería

Departamento: Ciencias de la Salud

Docencia: 750G01025 Estancias Clínicas I

750G01032 Practicum

750G01002 Biología

Centro: Facultad de Enfermería y Podología

Una vez que se ha visto la propuesta formulada por la Comisión encargada de juzgar el concurso para la provisión de la plaza arriba indicada,

Una vez que se ha visto el acuerdo adoptado por la Comisión de Reclamaciones en su reunión del 9 de noviembre de 2022, en el que ratifica la propuesta de la Comisión de Selección,

Vista la renuncia de la primera persona propuesta,

Este Rectorado, en uso de las facultades que le confiere el art. 36 de los Estatutos de la Universidad de A Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de mayo (DOG do 26), y en aplicación de lo dispuesto en el apartado 10 de la Normativa por la que se regula el procedimiento para la selección de personal docente e investigador interino y laboral contratado, que se aprueba por acuerdo del Consello de Goberno del 30 de abril de 2014, resuelve asignar la referida plaza al concursante **D./D^a. M^a TERESA GARCÍA PARDO**.

Contra la presente Resolución, que agota la vía administrativa, se podrá interponer un recurso contencioso-administrativo en el plazo de dos meses, que se contarán desde el día siguiente al de su notificación o publicación, de conformidad con el artículo 46 de la Ley 29/1998, do 13 de julio, reguladora de la jurisdicción contencioso-administrativa. Previamente, y con carácter potestativo, se podrá interponer un recurso de reposición ante este Rectorado, en el plazo de un mes, de acuerdo con lo establecido en el artículo 123 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas (BOE de 2 de octubre de 2015).

A Coruña, en la fecha de la firma digital

El rector,

Julio Abalde Alonso

| Código Seguro De Verificación | x+1D/ud5Y+3biQXolAc6tA== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso | Asinado | 17/11/2022 09:11:08 |
| Observacións | | Páxina | 1/1 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/x+1D/ud5Y+3biQXolAc6tA== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |



Alberto Valderruten Vidal, vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente e presidente da Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado da Universidade da Coruña,

CERTIFICO:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado reunida o día 9 de novembro de 2022, tomou o seguinte acordo en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación,

Reclamación Praza: 22/6006

Praza: 22/6006

Categoría: Contratado/a interino /a de Substitución

Área de Coñecemento: Enfermaría

Departamento: Ciencias da Saúde

Docencia: 750G01025 Estancias Clínicas I, 750G01032 Practicum, 750G01002 Bioloxía

Centro: Facultade de Enfermaría e Podoloxía

A Comisión de Reclamacións tras analizar o contido das reclamacións presentadas por por dona Rocio López López e dona Karina Pichel Gutiérrez, a documentación das candidatas e os informes realizados pola comisión encargada da selección da praza de 04/10/2022 e do Servizo de Persoal Docente e Investigador ratifican todos os puntos do anteditos informes e estiman axeitada a proposta realizada pola Comisión de Selección.

Acordase a incorporación dos informes da Comisión de Selección de 04/10/2022 e o informe do Servizo de PDI á publicación da resolución do concurso.

A Coruña,

| Código Seguro De Verificación | SJPsOHqkrtFtXTLxglPA9Q== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal | Asinado | 10/11/2022 10:18:14 |
| Observacións | | Páxina | 1/1 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/SJPsOHqkrtFtXTLxglPA9Q== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |



INFORME RAZONADO SOBRE LA RECLAMACIÓN PRESENTADA POR

DOÑA ROCÍO LÓPEZ LÓPEZ: PLAZA 22/6006

LA COMISIÓN DE SELECCIÓN DE LA PLAZA 22/6006 REUNIDA EL MARTES, 4/10/2022 INFORMA

Reunida la Comisión de la Plaza 22/6006 el día 12 de septiembre de 2022, se constituyó la presente, que actuó siguiendo los criterios de evaluación acordados y publicados en esa fecha. Se ha seguido la *Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de Persoal Docente e Investigador Interino e Laboral Contratado (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014)*.

Revisada la reclamación a la valoración de méritos de la plaza 22/6006 de la candidata Rocío López López, esta comisión alega que no le ha sido posible baremar los méritos de la candidata puesto que en ningún momento del proceso se dispuso de la documentación. Consideramos pertinente que esta reclamación sea atendida por el órgano que determinó el proceso que fue causa de esta reclamación.

Por nuestra parte, esta comisión no tiene ningún inconveniente en proceder a la valoración de los méritos siempre que la comisión de reclamación lo considere oportuno y se nos de acceso a los mismos.

En A Coruña, a 4 octubre de 2022

Profa. Emma Rodríguez Maseda

Presidenta de la Comisión de Selección

| Código Seguro De Verificación | obvuZwPbsj/RglFBXyLFHA== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Decano/a Facultade de Enfermaría e Podoloxía - Emma Rodríguez Maseda | Asinado | 04/10/2022 14:11:38 |
| Observacións | | Páxina | 1/1 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/obvuZwPbsj/RglFBXyLFHA== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |



INFORME RAZONADO SOBRE LA RECLAMACIÓN PRESENTADA POR

DOÑA KARINA PICHEL GUTIÉRREZ: PLAZA 22/6006

LA COMISIÓN DE SELECCIÓN DE LA PLAZA 22/6006 REUNIDA EL MARTES, 4/10/2022 INFORMA

Reunida la Comisión de la Plaza 22/6006 el día 12 de septiembre de 2022, se constituyó la presente, que actuó siguiendo los criterios de evaluación acordados y publicados en esa fecha. Se ha seguido la *Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de Persoal Docente e Investigador Interino e Laboral Contratado (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014)*.

A continuación, se adjunta la tabla de baremación de la candidata reclamante, Doña Karina Pichel Gutiérrez, así como las aclaraciones correspondientes a los bloques revisados nuevamente por esta Comisión:

Bloque II: la reclamante solicita que se considere en el apartado II.1 el documento 3 de su documentación relativo a la certificación académica del periodo de docencia (21 créditos) de estudios de doctorado pertenecientes a un programa de doctorado de la UDC regido por el RD778/1998, la Comisión baremó dicho mérito tal y como se expone seguidamente:

Apartado II.1

Este apartado se valoró con 0 puntos, puesto que los estudios de doctorado de la candidata son incompletos. NO SE PRESENTA el título de DEA que podría ser valorado con 8 puntos, sino que solo se presenta el certificado del periodo de docencia con 21 créditos. La Comisión decidió valorar esta formación recibida como 210 horas de cursos de postgrado universitario relevantes para el perfil de la plaza en el apartado II.3. Estas 210 horas y 80 horas más acreditadas por la reclamante le permitían obtener una puntuación de 0,87 puntos en el apartado II.3.

Comprobado el certificado correspondiente y estudiada la reclamación, la Comisión NO considera que se pueda valorar el periodo de docencia de los estudios de doctorado de la reclamante con la puntuación solicitada, puesto que se trata de una Etapa de Formación que sólo ha sido completada parcialmente, ya que ha sido completado el periodo de docencia pero no el periodo de investigación. Por ello, la Comisión se ratifica y establece como puntuación revisada en el apartado II.1 0 puntos.:

| Código Seguro De Verificación | 5F3vnu5CaMUKZxm3cUcQjA== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Decano/a Facultade de Enfermaría e Podoloxía - Emma Rodríguez Maseda | Asinado | 04/10/2022 14:11:36 |
| Observacións | | Páxina | 1/2 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/5F3vnu5CaMUKZxm3cUcQjA== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |



Apartado II.3

En relación a los *cursos de postgrado universitario relevantes para el perfil de la plaza*, se propone mantener la valoración realizada previamente y otorgar 0,87 puntos.

Revisada la valoración de la Comisión y las alegaciones presentadas por Doña Karina Pichel Gutiérrez, la puntuación total ponderada es 11,73 puntos.

La secretaria de la Comisión pide disculpas a la reclamante por el error en la transcripción de su segundo apellido a la propuesta.

En A Coruña, a 4 octubre de 2022

Profa. Emma Rodríguez Maseda

Presidenta de la Comisión de Selección

| Código Seguro De Verificación | 5F3vnu5CaMUKZxm3cUcQjA== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Decano/a Facultade de Enfermaría e Podoloxía - Emma Rodríguez Maseda | Asinado | 04/10/2022 14:11:36 |
| Observacións | | Páxina | 2/2 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/5F3vnu5CaMUKZxm3cUcQjA== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |





Informe para a Comisión de Reclamacións daUDC

Informe á reclamación formulada pola candidata **Rocío López López** contra a proposta de nomeamento formulada pola Comisión de selección da **Praza 22/6006**.

Feitos:

1.- Por resolución reitoral do 5 de xullo de 2022 convócase un concurso para a contratación laboral de diversas prazas de persoal docente. Prazas nº 22/6001 a 22/6022. Data de publicación da convocatoria 15/07/2022. Data de remate do prazo de presentación de solicitudes o día 01/08/2022.

2.- O día 1 de agosto de 2022, ás 23,45 horas a interesada presenta a súa solicitude para participar na praza 22/6006. Coa solicitude non aporta ningún documento acreditativo dos seus méritos.

3.- O día 2 de agosto ás 10,02 horas, recíbese na dirección de correo do Servizo de PDI un correo do xefe do Negociado do Rexistro Xeral da UDC reenviando un correo da candidata Rocío López López, enviado ás 00,22 dese mesmo día 2 de agosto, indicando que por problemas na sede electrónica da UDC non conseguiu cargar os arquivos que tiñan que acompañar á súa solicitude para participar na praza 22/6006. Que os achega a este correo electrónico, e de non ser esta vía válida o fará no prazo que se lle ofrezca para subsanación de deficiencias da solicitude.

4.- Os día 9 de agosto e 2 de setembro de 2022 publicanse as relacións provisional e definitiva de candidatos admitidos á praza 22/6006. Estando a interesada incluída en ambas como admitida, dado que antes da 00,00 horas do día 02 de agosto de 2022 esta presentara, pola sede electrónica da UDC, unha solicitude para participar en dicha praza, aínda cando esta solicitude careza de documentación acreditativa dos méritos.

5.- O día 12 de setembro publicanse os criterios de avaliación da praza realizados pola Comisión de Selección e logo de posta á súa disposición a documentación dos diferentes candidatos, esta formula a correspondente proposta de adxudicación o día 20 de setembro. Na dita proposta non se inclúe á candidata Rocío López López, xa que obtivo cero puntos, ao non dispoñer a Comisión de documentos acreditativos dos méritos curriculares da interesada sobre os que facer a súa valoración.

6.- Contra a mencionada Proposta de adxudicación a interesada, Rocío López López, formulou en prazo unha reclamación na que en síntese sinala: *Que o día 1 de agosto de 2022 presentou por vía telemática a súa solicitude para participar á praza 22/6006, achegando igualmente toda a documentación necesaria para a súa admisión así como dos seus méritos. Non obstante, no xustificante da solicitude non aparecían reflectidos os documentos acreditativos dos seus méritos. Sinala que se produciron varios fallos na sede electrónica na fase de carga dos arquivos, apuntando igualmente que os citados arquivos no excedían do tamaño predeterminado indicado na sede, xa que con anterioridade os mesmos foron admitidos noutra praza na que participou.*

| Código Seguro De Verificación | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------------------|
| bP/cuAgWZwU0cOYpahjkng== | Asinado | 08/11/2022 15:26:32 |
| Asinado Por | Xefe SERVIZO PERSOAL DOCENTE E INVEST. (PDI) - Juan Ramón Rego Álvarez de Mon | |
| Observacións | Páxina | 1/5 |
| Uri De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/bP/cuAgWZwU0cOYpahjkng== | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | |





Apunta tamén que enviou ao correo electrónico do Rexistro da UDC, por entender conforme ao artigo 4 do seu regulamento, que esta é unha vía válida de presentación de solicitudes, ás 0,22 horas do día 2 de agosto, unha mensaxe achegando xustificante da solicitude mailos arquivos que non puido achegar ao través da sede electrónica.

Sinala igualmente que o Servizo de PDI non se puxo en contacto con ela para indicarlle unha posible vía de subsanación, para achegar á UDC os arquivos acreditativos dos seus méritos.

Finalmente, na que denomina segunda alegación, manifesta que se infrinxiu pola universidade o artigo 68 de lai 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ao non ofertárselle un prazo de subsanación das deficiencias de que puidera adoeecer a súa solicitude. Cita igualmente sentenzas do Tribunal Supremo que parecen apoiar as súas argumentacións.

Por todo o exposto solicita que se lle recoñeza o dereito a un prazo para subsanación, e tras esta se teñan en conta os seus méritos aos efectos de resolver sobre a praza 22/6006.

Consideracións Xurídicas:

- En primeiro lugar, sinalar que efectivamente, a interesada foi dende un principio admitida tanto na relación provisional como na definitiva de candidatos á praza 2022/6006, porque presentou a súa solicitude na Sede electrónica da UDC antes das 00.00 horas do día 2 de agosto de 2022. En concreto a presentou entorno ás 23.45 horas do día 1 de agosto. E isto non admite outra resposta que a admisión da solicitude.

Pero a dita solicitude, en prazo, carecía de documentación acreditativa de ningún mérito da interesada. Por esta razón, aínda que admitida, non se podían enviar á Comisión de valoración os méritos curriculares da interesada, e esta Comisión viuse obrigada a puntuar con cero puntos a esta candidata.

Si chegaron á UDC eses méritos, pero con posterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes, tal e como se explicará máis adiante.

- Ante a **alegación sobre a existencia de fallos técnicos na sede electrónica da UDC**, cando menos no momento da presentación da solicitude da interesada, **fíxose unha consulta aos responsables técnicos da Sede electrónica da UDC**, contestándonos (se achega unha copia en pdf) estes ao Servizo de PDI nos seguintes termos (se transcribe literalmente):

"No es un problema de Sede Electrónica, de hecho, la usuaria adjunta en su correo el resguardo de haber presentado la solicitud.

El problema no está en la sede sino en que los archivos que quería introducir (entendiendo que son los que adjunta a su correo) son demasiado grandes para lo que está permitido en la sede electrónica. En la Sede Electrónica está limitado el tamaño máximo de archivo a 5MB y entre los adjuntos que ella envía hay uno de 6MB, de 12MB, de 37MB y 53 MB con lo cual, el sistema le devuelve al usuario un error, tal y como es debido.

Este límite está claramente visible en el formulario cuando el usuario hace la solicitud. Te adjunto en este correo una captura de pantalla donde he destacado esta información que visualiza el usuario cuando hace la solicitud

| Código Seguro De Verificación | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------------------|
| bP/cuAgWZwU0cOYpahjknng== | Asinado | 08/11/2022 15:26:32 |
| Asinado Por | Xefe SERVIZO PERSOAL DOCENTE E INVEST. (PDI) - Juan Ramón Rego Álvarez de Mon | |
| Observacións | Páxina | 2/5 |
| Uri De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/bP/cuAgWZwU0cOYpahjknng= | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | |





Por tanto, técnicamente el sistema funcionó correctamente al no dejar que el usuario adjuntase documentación de mayor tamaño a la que se permite (5MB por archivo)".

E dicir. O único problema que houbo foi que a interesada, nos derradeiros minutos do prazo para a presentación da solicitude documentación (que é de 10 días hábiles) pretendeu presentar esta pola Sede electrónica da UDC, introducindo ao mesmo tempo uns arquivos con os seus méritos, que excedían da carga que permite introducir o sistema (5 megas por arquivo).

Para estes casos, a convocatoria contempla procedementos alternativos de presentación da solicitude e da documentación que debe acompañarse. O problema neste caso é que a interesada quedouse sen prazo para poder utilizar estas outras alternativas, circunstancia da que tan só ela é responsable.

As diferentes opcións de presentación de solicitudes se regulan na Base Terceira da convocatoria que di así:

"3.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

3.1. *As persoas que desexen participar neste concurso farano utilizando o modelo de solicitude e de currículo que figuran como anexos III e IV a esta convocatoria (dispoñibles en formato editable no seguinte enlace: http://www.udc.es/pdi/galeria_down/impresos/MODELO_SOLICITUDE_CURRICULO.docx)*

As solicitudes dirixiranse ao reitor da Universidade da Coruña, no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia e presentaranse por un dos seguintes medios:

a) *Preferentemente a través da sede electrónica da Universidade (<https://sede.udc.gal/>), na sección de trámites de Xestión Académica. A solicitude (anexo III) e currículo (anexo IV) deberán converterse en formato PDF e asinarse electronicamente. Presentaranse xunto co resto da documentación na forma que se indica no anexo I.*

b) *En caso de imposibilidade técnica xustificada (como por exemplo arquivos superiores a cinco megas), poderán realizarse (as solicitudes) no Rexistro Xeral da Universidade ou nos Rexistros Auxiliares de Elviña ou de Ferrol, ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015), na forma que se indica no anexo I."*

Por outra parte o **Anexo I** da convocatoria ao que se remite a mencionada Base Terceira sinala:

"ANEXO I,

GUIA PARA A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

1.- SOLICITUDES PRESENTADAS A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA

a) Os ficheiros que conteñan a documentación indicada na base 2 da convocatoria deberán achegarse á solicitude en **formato pdf non debendo exceder a capacidade de 5 Mb por arquivo...**".

b) Os ficheiros que conteñan a documentación xustificativa do currículo (Bloque I ao VI) deberán achegarse en **formato PDF, non debendo exceder a capacidade de 5 Mb por bloque,**

podendo comprimirse de ser necesario en formato ZIP

| Código Seguro De Verificación | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------------------|
| bP/cuAgWZwU0cOYpahjkng== | Asinado | 08/11/2022 15:26:32 |
| Asinado Por | Xefe SERVIZO PERSOAL DOCENTE E INVEST. (PDI) - Juan Ramón Rego Álvarez de Mon | |
| Observacións | Páxina | 3/5 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/bP/cuAgWZwU0cOYpahjkng== | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | |





- Finalmente, convén lembrar que os méritos a alegar polos candidatos deberán presentarse dentro do prazo de presentación das solicitudes, no sendo admisible a súa presentación posterior. Literalmente a este respecto a Base 3 da Convocatoria establece o seguinte:

“3.3. Con respecto á documentación a presentar deberá terse en conta:

3.3.1. Toda a documentación acreditativa dos méritos deberá aportarse dentro do prazo de presentación de solicitudes. Non se admitirá ningunha documentación adicional rematado o dito prazo.”

- Por conseguinte, no tendo a interesada presentado a documentación correspondente aos méritos dentro do prazo sinalado na convocatoria, non cabía outra opción que dalos por presentados extemporaneamente, e, por conseguinte non procedía a súa valoración.

É verdade que o sistema non lle deixou presentar os seus méritos, pero non por unha falla do sistema, senón porque os arquivos que pretendeu adxuntar tiñan unha carga superior á admitida pola sede electrónica. Se non utilizou outros procedementos alternativos para a presentación deses arquivos, que si ofrecía a convocatoria, non foi máis que responsabilidade da propia interesada.

O correo electrónico do Rexistro Xeral da UDC non está contemplado como unha opción de presentación de solicitudes ou como complemento destas, e moito menos cando ese correo está xa fora do prazo de presentación ds solicitudes. Anque a interesada alegue que o Regulamento do Rexistro contempla esta opción, está equivocada. Non a contempla.

- A interesada no seu correo dirixido ao Rexistro, xa fora de prazo, e na súa reclamación á proposta da Comisión de selección, fala da súa dispoñibilidade a presentar a documentación correspondente aos seus méritos no prazo que se lle ofrezca para subsanación da súa solicitude.

A cuestión, transcendental neste caso, e á que nos referimos ao citar o apartado 3.3.1 das Bases da convocatoria, é que a presentación dos documentos acreditativos dos méritos curriculares só cabe presentalos dentro do prazo fixado na convocatoria para a presentación das solicitudes. Rematado este non se admitirá ningún documento adicional relativo aos méritos.

En definitiva, se consideran subsanables os requisitos relativos á admisibilidade da solicitude, (algún erro detectado nos datos incluídos na solicitude, como a acreditación do pagamento das taxas, non aportación do DNI, ou de algún que outro documento que a convocatoria indique como necesario para ser admitido como candidato á praza). E para elo está a publicación da listaxe provisional de admitidos, ofrecéndose un prazo para a subsanación de eses requisitos. **Pero nunca se admitirá documentación ningunha relativa aos méritos dos candidatos.**

O feito de que tras o correo da interesada dirixido ao Rexistro Xeral da UDC no se lle dera contestación ou informara a esta da inadmisibilidade dos seus méritos, tanto por ser extemporáneos, como por ser presentados por unha vía non contemplada na convocatoria, é anecdótico. Probablemente noutras datas, pois coincidiu esto no mes de agosto, co Servizo de PDI cun mínimo retén en oficinas, quizás se lle puidera enviar un correo informativo, pero,

| Código Seguro De Verificación | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------------------|
| bP/cuAgWZwU0cOYpahjkng== | Asinado | 08/11/2022 15:26:32 |
| Asinado Por | Xefe SERVIZO PERSOAL DOCENTE E INVEST. (PDI) - Juan Ramón Rego Álvarez de Mon | |
| Observacións | Páxina | 4/5 |
| Uri De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/bP/cuAgWZwU0cOYpahjkng== | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | |





debe quedar claro, negándolle en todo caso calquera vía de subsanación. A diferenza quizás a interesada non mantería tanto tempo a expectativa da admisión da súa documentación ata a proposta de resolución. Pero a resposta sería a mesma: Admisión da solicitude, porque está presentada en prazo, pero sen opcións de obter a praza porque non presentou a documentación acreditativa dos seus méritos dentro do prazo establecido pola convocatoria.

A día de hoxe, seguimos considerando que se actuou como se tiña que facer, e que aceptar esa documentación, ben por medio do correo electrónico como nunha posterior oferta de subsanación, supoñería un prexuízo para o resto dos candidatos á praza, e posiblemente xerar, de influír a su aceptación no resultado final do concurso, a interposición de futuros recursos, tanto na vía administrativa como xudicial por esta causa, con moi difícil defensa para a universidade.

Toda solución diferente sería perigosa tamén, polo que significaría de antecedente na interpretación do cumprimento dos prazos.

Es todo lo que se informa

A Coruña na data da sinatura electrónica.
Juan Ramón Rego Álvarez de Mon
Xefe do Servizo de PDI

| Código Seguro De Verificación | | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Xefe SERVIZO PERSOAL DOCENTE E INVEST. (PDI) - Juan Ramón Rego Álvarez de Mon | Asinado | 08/11/2022 15:26:32 |
| Observacións | | Páxina | 5/5 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/bP/cuAgWZwU0cOYpahjkng== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |





Informe para a Comisión de Reclamacións da UDC

Informe á reclamación formulada pola candidata **Karina Pichel Gutierrez** contra a proposta de nomeamento formulada pola Comisión de selección da **Praza 22/6006**.

Feitos:

1.- Por resolución reitoral do 5 de xullo de 2022 convócase un concurso para a contratación laboral de diversas prazas de persoal docente. Prazas nº 22/6001 a 22/6022. Data de publicación da convocatoria 15/07/2022. Data de remate do prazo de presentación de solicitudes o día 01/08/2022.

2.- O día 12 de setembro publicanse os criterios de avaliación da praza realizados pola Comisión de Selección e logo de posta á súa disposición a documentación dos diferentes candidatos, esta formula a correspondente proposta de adxudicación o día 20 de setembro. Na dita proposta a interesada quedou no posto cuarto, cunha puntuación de 11,73 puntos.

3.- Contra a mencionada Proposta de adxudicación a interesada, **Karina Pichel Gutierrez**, formulou en prazo unha reclamación na que en síntese sinala: *que se lle valoraron mal os estudos de terceiro ciclo que acreditou, pois ten superado o período de docencia, cun total de 21 créditos e cualificación de sobresaliente. Polo que deberían recoñecérselle os 8 puntos do apartado II.1 (Cursos de mestrado universitario e doutoramento) do Bloque II (Formación académica de Posgrao. Incluso, dada afinidade co perfil da praza, poderíase puntuar ata con 16 puntos.*

Consideracións do informante:

- O informante está de acordo co criterio que aplicou a Comisión de Selección, ao non asignar puntuación á interesada no citado apartado II.1 correspondente aos Cursos de mestrado universitario e doutoramento. O mestrado conséguese logo de superar as materias de que se compón a titulación, así como os traballos de fin de mestrado e cantas outras esixencias establece a normativa. É un todo o nada. Pois o mesmo pasa co resto de estudos que se valoran no mesmo apartado II.1, como son os de doutoramento, que neste caso son os requiridos para a obtención do DEA.

Fáltalle polo tanto á interesada superar a segunda parte, o período de investigación, e incluso posteriormente, a valoración que deberá facer un tribunal nunha exposición pública. Todo isto de conformidade co disposto no artigo 6 do Real Decreto 778/1998, do 30 de abril, polo que se regula o terceiro ciclo de estudos universitarios".

En definitiva, en opinión do informante, está ben excluída pola Comisión no referente a asignación de puntos á candidata no apartado II.1

- Outra cuestión, é determinar o apartado en que se lle podería asignar algunha valoración aos mencionados estudos de doutoramento acreditados pola interesada.

| Código Seguro De Verificación | KlZEciyYdCXJFkAJ6ndbfA== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Xefe SERVIZO PERSOAL DOCENTE E INVEST. (PDI) - Juan Ramón Rego Álvarez de Mon | Asinado | 08/11/2022 15:26:36 |
| Observacións | | Páxina | 1/2 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/KlZEciyYdCXJFkAJ6ndbfA== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |





Outra vez, o informante coincide coa Comisión de Selección co apartado utilizado, o II.3. (Cursos de posgrao relevantes para a praza), Pois non vexo outro apartado nos baremos e criterios de valoración da praza no que teña un mellor encaixe. Non obstante, debo recoñecer, que a miña desenvolтура nestes ámbitos é moi reducida.

Finalmente, lembrar a necesidade de corrixir o erro producido co segundo apelido da interesada.

É todo o que se informa

A Coruña na data da sinatura electrónica.

Juan Ramón Rego Álvarez de Mon

Xefe do Servizo de PDI

| Código Seguro De Verificación | KlZEciyYdCXJFkAJ6ndbfA== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Xefe SERVIZO PERSOAL DOCENTE E INVEST. (PDI) - Juan Ramón Rego Álvarez de Mon | Asinado | 08/11/2022 15:26:36 |
| Observacións | | Páxina | 2/2 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/KlZEciyYdCXJFkAJ6ndbfA== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

